



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



APARTADO E.

LIMIA ARNOIA GDR10

📍 Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
☎ 988 442 535 | 604 026 618
✉ coordinadora@limia-arnoia.gal

📍 Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
☎ 604 014 511
✉ técnico@limia-arnoia.gal

📍 Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
☎ 988 688 779 | 604 027 382
✉ administración@limia-arnoia.gal



E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente.	4
E.1 Análise do uso e ocupación do territorio rural	4
E.1.1 Usos do solo.....	4
Distribución territorial dos principais usos	7
Evolución dos usos do solo	9
E.1.2 Xestión agrogandeira e forestal do territorio	13
Estrutura das explotacións agrarias e dos aproveitamento da SAU	13
Estrutura das explotacións agrarias a nivel municipal	20
A muller no sector agrario.....	24
E.2 Caracterización da aptitude agraria e do abandono.....	27
E.2.1 Caracterización da aptitude agraria dos solos	28
E.2.2 Aptitude para cultivos de expansión potencial.....	32
Capas de información, fontes cartográficas e bibliográficas empregadas	32
Variables seleccionadas e umbrais.....	34
Cereal	34
Pataca.....	35
Froiteiras	37
Horta.....	38
E.2.3 Identificación de zonas incluídas en selos ou esquemas de certificación da calidade agroalimentaria (D.O, IXP) e/ou forestal	40
E.2.4 Caracterización do abandono das terras agrarias	42
Distribución de usos SIXPAC 2022 nas zonas de maior aptitude agraria.....	42
Análise das zonas infrautilizadas segundo o SIOSE 2017.....	43
Análise das zonas infrautilizadas segundo o SIXPAC 2023.....	44
E.2.4 Tendencias na xestión territorial por parte das explotacións agrogandeiras.....	45
E.2.5 Incidencia dos lumes forestais	47
E.3 Identificación, localización e caracterización das actividades de transformación e comercialización de producións agroforestais.....	53
E.4. Análise da aplicabilidade de instrumentos de recuperación de terras.	56
E.4.1 Caracterización das estruturas de propiedade.....	56
E.4.2 Instrumentos de recuperación e de re-organización executados ou en curso	58
E.4.3 Valoración territorial da aplicabilidade dos instrumentos de recuperación e outros previstos na Lei 11/2021 e Lei 4/2015.....	61
A Iniciativa aterra	61



Instrumentos contemplados a impulsar no marco de aterra	63
Caracterización parroquial	64
E.4.4 Marco de ordenación de incidencia potencial	69
Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)	69
Plan Básico Autonómico (PBA)	71
Determinación das Directrices de paisaxe de Galicia	73
Determinación da Estratexia da galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas	75
Zonificación dos usos do solo: planeamento urbanístico	75
E.5. Identificación de axentes ou iniciativas interesadas na posta en produción de terra agraria ou no desenvolvemento de actividades de transformación e comercialización de produtos agroforestais	76
ANEXO	78
Distribución usos SIOSE 2017 no ámbito do GDR 10	78
Distribución dos cambios de uso SIOSE 2005 -2014 por concellos	78
Superficie con re-estruturación parcelaria abandonada (% de superficie parroquial).....	94
Superficie a recuperar DO/IXP	96
Superficie terra agraria infrautilizada	96
Resumo da base de datos empregada para o cálculo do IPP.....	99



E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente.

E.1 Análise do uso e ocupación do territorio rural

O GDR Limia-Arnoia ten implantado un Sistema de Información Territorial¹ (SITLA). O SIT Limia-Arnoia é un SIX-Web dinámico que integra diversas capas de información territorial relevante para a diagnose e a planificación do ámbito xeográfico do GDR. Foi implantado no ano 2021 e está en actualización constante por parte da equipa técnica do GDR. Ademais, conta coas funcionalidades dun SIX-Web para a participación pública², dándolle a opción ao GDR de impulsar accións de participación pública a través do mesmo, tanto para a obtención de información do territorio como para actividades de planificación colaborativa. Así, boa parte da información necesaria para a análise das dinámicas de uso e xestión territorial está incorporada no SIT Limia-Arnoia e dispoñible, tanto para o GDR, como para tódolos actores do seu territorio. Maximízase así o valor da mesma e a contribución do GDR ao coñecemento do espazo por parte de todos os seus habitantes, usuarios e xestores.

E.1.1 Usos do solo.

Existen varias fontes de información para caracterizar a distribución de coberturas e usos no territorio. Porén, todas elas teñen que tomarse con cautela, particularmente cando se fan análises de detalle a pequena escala.

Analizando os grandes tipos de usos no conxunto das cases 190.000 ha que abrangue o GDR, as fontes cartográficas máis recentes cuantifican a Superficie Agraria Utilizada (SAU) no entorno do 22-23%, o arborado arredor do 30% mentres que as superficies a mato ocuparían o 40% do territorio (Táboa 1)³.

Uso	SIOSE 2017		SIXPAC 2022	
	ha	%	ha	%
Terra arable e cultivos permanentes	26.855	14,1%	28.356	14,9%
Pastos	14.962	7,9%	16.458	8,7%
Arborado	63.947	33,7%	49.652	26,1%
Mato	69.725	36,7%	79.607	41,9%
Artificial	8.559	4,5%	9.028	4,8%

¹ <https://limia-arnoia.laborate.es/visor/>

² A modo dun *Public Participatory Geographical Information System (PPGIS)*, tal e como se denominan estes sistemas en un contexto internacional.

³ As diferencias observadas entre as dúas fontes utilizadas, SIOSE e SIXPAC, probablemente se deban máis ás distintas metodoloxías utilizadas e non tanto ao ano de elaboración. Porén, é preciso ter en conta este feito á hora de interpretar os datos.



Outras superficies

5.902 3,1% 6.839 3,6%

Táboa 1. Distribución das grandes clases de uso (E.P. a partir de SIOSE 2017 e SIXPAC 2022)

En canto á SAU, dous terzos da mesma compoñena terras de labradío, cunha presenza moi limitada de cultivos permanentes, e o terzo restante son superficies de pastos herbáceos.

Uso (SIXPAC 2022)	Hectáreas	% sobre SAU
Terra arable	27313,96	60,95%
Froiteiras	792,26	1,77%
Viñedo	216,01	0,48%
Viñedo - Froiteira	1,93	0,00%
Horta	8,44	0,02%
Froitos secos	15,62	0,03%
Froitos secos e viñedo	0,09	0,00%
Invernadoiros e cutivos baixo plástico	3,47	0,01%
Oliveira	4,54	0,01%
Pastos	16.458,37	36,73%

Táboa 2. Distribución da SAU por cultivos (E.P. a partir de SIXPAC 2022)

Así, as dúas fontes cartográficas utilizadas sitúan a superficie total de SAU no entorno das 42.000 e 44.000 ha. Pola súa banda, e tal e como se debullará no apartado [E.1.2 Xestión agrogandeira e forestal do territorio](#), o Censo Agrario 2020 cuantificou para o conxunto do territorio unhas 33.000 ha de SAU, cifra sensiblemente inferior, mentres que os datos agregados das declaracións de superficies asociadas ás solicitudes de axudas da PAC ascenderon, no 2021, a pouco máis de 28.000 ha.

A discrepancia nos datos é, ata certo punto, normal. Censo Agrario e declaracións de superficies son fontes alfanuméricas declarativas mentres que as primeiras son operacións cartográficas que cobren todo o territorio. Tanto a nivel dos obxectivos das diferentes operacións de inventario ou estatísticas, como da metodoloxía empregada, os marcos de elaboración non son directamente comparables.

Formación arborada	Sup (ha)	% sobre arborado
Carballeiras de <i>Quercus pyrenaica</i>	23.952	37%
Bosques mixtos de frondosas autóctonas	17.559	27%
Piñeirais de <i>Pinus Pinaster</i>	8.037	12%
Carballeiras de <i>Q. robur</i> y/o <i>Q. petraea</i>	4.686	7%
Piñeirais de <i>Pinus sylvestris</i>	4.323	7%
Mestura de coníferas e frondosas autóctonas	1.441	2%
Outras especies de produción en mestura	850	1%
Bosque de ribeira	740	1%
Outro tipo de formacións	3.351	5%

Táboa 3. Composición da superficie arborada (E.P. a partir de MFE 2011)

En todo caso, unhas fontes complementan ás outras e, con iso en mente, se utilizarán para caracterizar o territorio do GDR, en particular a súa dimensión agraria. Porén, tendo en conta




o anterior, non se trata aquí de acadar a máxima precisión nas cifras absolutas, algo que por outro lado non é necesario a nivel operativo, senón de aproximar as principais características e diferencias territoriais relativas.

Á espera da finalización do Inventario Forestal continuo de Galicia, o Mapa Forestal de España (MFE) é a fonte de información que permite coñecer con maior detalle as características da superficie arborada. Porén, a última referencia dispoñible data do ano 2011. Para ese ano, o MFE cuantificaba en algo máis de 77.000 ha a superficie arborada, sensiblemente por enriba das estimacións máis recentes proporcionadas por SIOSE 2017 e SIXPAC 2022 (Táboa 1). Segundo o propio MFE (Táboa 3), as formacións dominantes no conxunto do GDR eran as de *Quercus pyrenaica* e outros bosques de frondosas autóctonas, que representaban máis do 60% do arborado. Os piñeirais sumarían arredor do 20%.



Figura 1. Distribución de usos a nivel municipal. Porcentaxe dos grupos principais sobre extensión municipal (E.P. a partir de SIXPAC 2022)



Distribución territorial dos principais usos


A distribución de usos amosa fortes contrastes no territorio, con zonas claramente diferenciadas. Así, na comarca da Limia concéntranse boa parte das terras de cultivo, mentres que as superficies de mato e o arborado dominan as estremeiras (Figura 1). Cabe destacar as superficies de rochedo nos municipios sur-occidentais.

Tal e como se observa de forma visual na **iError! No se encuentra el origen de la referencia.**, Xinzo de Limia, Trasmiras e Sandiás presentan máis do 50% do seu territorio ocupado por SAU (SIXPAC 2022), e xuntos aglutinan case o 30% de toda a SAU do territorio



do GDR. Pola contra, os municipios de Bande, Vereá, Muíños, Quintela de Leirado, Lobeira, Lobios e Entrimo, que representan un terzo da extensión total do GDR, apenas suman, entre todos, o 10% da SAU de Limia-Arnoia e en ningún deles a superficie agraria chega ao 15% de ocupación no seu ámbito xeográfico.

Figura 2. Distribución das coberturas do solo (SIOSE 2014) (IGN 2022)




Na outra cara da moeda, o mato é a cobertura maioritaria, superando o 50% da extensión municipal, en Entrimo, Lobios, Vereá, Lobeira, Calvos de Randín e Muíños. Os seis municipios suman máis de 35.000 ha deste tipo de cobertura. Tan só tres municipios, Xinzo, Sandiás e Sarreaus, están por debaixo do 30% de superficie ocupada por mato.

En canto á superficie arborada, obsérvase de novo certa especialización espacial, con sete municipios que concentran arredor da metade da extensión de bosques do GDR. De maior a menor proporción, trátase de Vilar de Barrio, Bande, Lobios, Balar, Allariz, Muíños e Maceda. Nestes municipios, os bosques representan de media o 32% da extensión municipal, porcentaxe que chega ao 47% e 40% en Vilar de Barrio e Bande respectivamente. No outro extremo sitúase Xinzo de Limia, Trasmiras e Vilar de Santos, nos que a superficie arborada non chega a representar o 10% (6%, 7% e 8% respectivamente).



Figura 3. Distribución do usos forestais predominantes en 2011 no GDR



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Mapa Forestal de España (MFE25)

Evolución dos usos do solo

Non dispoñemos dunha serie prolongada de fontes cartográficas estables que permitan analizar de forma robusta e consistente a evolución de usos do territorio nun período prolongado. Porén, podemos facer unha aproximación a partir das distintas fontes dispoñibles, tendo en conta as cautelas xa mencionadas con anterioridade.

Así, cabe utilizar como fonte de información previa á existencia do SIOSE o Mapa de Cultivos e Aproveitamentos do MAPA, que conta con edicións do 1989 e 2009 (MCA1989 e MCA2009 respectivamente). Dado que o SIOSE é a operación cartográfica que veu a substituír a estas últimas no último decenio, colleremos como referencia a súa edición do 2017 para a extracción dos datos máis recentes.

A distribución de usos para os tres anos de referencia mencionados amósase na Táboa 4.

Uso	MCA1989		MCA2009		SIOSE2017	
	ha	%	ha	%	ha	%
SAU	63.495	33%	46.024	24%	41.817	22%
Arborado	37.508	20%	66.317	35%	63.947	34%
Mato	83.611	44%	71.498	38%	69.725	37%
Outras	5.485	3%	6.260	3%	14.461	8%


Táboa 4. Evolución principais clases de uso no GDR (E.P. a partir de MCA 1989, MCA 2009 e SIOSE 2017)



Máis aló das diferencias potencialmente debidas aos marcos metodolóxicos das sucesivas operacións cartográficas, así como da necesaria simplificación das lendas que permitan as comparacións, os datos apuntan a tendencias cambiantes nas dinámicas de usos globais a nivel do GDR en función do período observado. Por unha banda, as dúas primeiras décadas do período analizado terían un descenso significativo das superficies de SAU, cunha baixada de arredor do 28% no período 1989-2009, así como, de forma menos acusada, das de mato (-14%). O arborado incrementouse, segundo as fontes utilizadas, nun remarcable 78%. Ditas dinámicas semellan ter cambiado no período máis recente. Dende o MCA2009 ata o SIOSE 2017 apréciase unha maior estabilidade relativa, cando menos a nivel global⁴. Porén, cabe salientar que o descenso da extensión de SAU tería continuado, cunha perda doutras 4.000 ha, co que a diminución no período 1989-2017 chegaría ao 35%.

Se centramos a análise exclusivamente no SIOSE, nas súas edicións de 2005 e 2014, a imaxe é tamén de relativa estabilidade, cun lixeiro descenso da SAU, aínda que as direccións de cambio observadas para arborado e mato parecen ser contrarias ás observadas con anterioridade. Porén, dado que o período de análise é diferente, non podemos concluír, cando menos a nivel de GDR, que os procesos observados sexan contraditorios.

Figura 4. Distribución do SIOSE 2005-2014 no GDR




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos descargados en <https://www.siose.es/presentacion>

A nivel do arborado, analizouse tanto a súa versión máis recente a escala 1:25.000 (MFE25) do ano 2011, como a do ano 1999 a escala 1:50.000 (MFE50). Durante este período 1.255 ha pasaron a ter cobertura arbórea, en liña coa tendencia antes observada nos datos do SIOSE.

⁴ Os datos agregados a nivel de GDR poden agochar diferencias a nivel espacial, con trasvase de superficies entre usos de maior envergadura que se compensen uns cos outros.



Figura 5. Distribución do usos forestais predominantes en 1999 e 2011 no GDR



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Mapa Forestal de España (MFE25 e 50)

En canto a distribución de especies forestais, as especies que máis se incrementaron son *Quercus pyrenaica*, que ocupaba o 50% da superficie total arborada no 2011, *Pinus pinaster*, cun 20%, *Quercus robur*, con arredor do 15% e *Pinus sylvestris*, cun pouco máis do 5%.

A nivel espacial, poden consultarse unha simplificación dos mapas do SIOSE 2014 e 2005 activando as capas correspondentes no SITLA [aquí](#).

En canto ós cambios de uso, e tomando como referencia os datos do SIOSE 2005 e 2014, 3.155 ha pasaron de outros usos a Agrícola ou asimilable, delas 2.480 procedentes de mato. Entorno a 4.292 ha transformáronse en bosque de coníferas, a maioría procedentes de mato. Unhas 10.384 ha pasaron a bosque de frondosas, delas 4.846 procedentes de uso agrícola ou asimilable. A bosque mixto pasaron 1.644 ha das que 361 procedían de uso agrícola, e das 7.807 que pasaron a mato 3.376 procedían de uso agrícola.

Uso SIOSE 2005	Uso SIOSE 2014	Sup. (ha)
Agrícola ou asimilable	Bosque de coníferas	243,87
Agrícola ou asimilable	Bosque de frondosas	4.846,70
Agrícola ou asimilable	Bosque mixto	361,71
Agrícola ou asimilable	Mato	3.375,84
Agrícola ou asimilable	Outros	51,16
Agrícola ou asimilable	Urbano, artificial ou asimilable	1.223,63
Bosque de coníferas	Agrícola o asimilable	26,55
Bosque de coníferas	Bosque de frondosas	140,08
Bosque de coníferas	Bosque mixto	42,96
Bosque de coníferas	Mato	971,32



Uso SIOSE 2005	Uso SIOSE 2014	Sup. (ha)
Bosque de coníferas	Outros	33,15
Bosque de coníferas	Urbano, artificial ou asimilable	11,04
Bosque de frondosas	Agrícola o asimilable	403,00
Bosque de frondosas	Bosque de coníferas	141,96
Bosque de frondosas	Bosque mixto	548,04
Bosque de frondosas	Mato	451,99
Bosque de frondosas	Outros	17,18
Bosque de frondosas	Urbano, artificial ou asimilable	204,99
Bosque mixto	Agrícola o asimilable	15,66
Bosque mixto	Bosque de coníferas	21,31
Bosque mixto	Bosque de frondosas	97,60
Bosque mixto	Mato	100,08
Bosque mixto	Outros	4,48
Bosque mixto	Urbano, artificial ou asimilable	16,35
Mato	Agrícola o asimilable	2.480,13
Mato	Bosque de coníferas	3.821,69
Mato	Bosque de frondosas	5.033,44
Mato	Bosque mixto	657,27
Mato	Outros	1.776,63
Mato	Urbano, artificial ou asimilable	163,30
Outros	Agrícola o asimilable	127,28
Outros	Bosque de coníferas	62,10
Outros	Bosque de frondosas	238,38
Outros	Bosque mixto	32,78
Outros	Mato	2.873,56
Outros	Urbano, artificial ou asimilable	27,33
Urbano, artificial ou asimilable	Agrícola o asimilable	103,14
Urbano, artificial ou asimilable	Bosque de coníferas	1,25
Urbano, artificial ou asimilable	Bosque de frondosas	28,55
Urbano, artificial ou asimilable	Bosque mixto	1,19
TOTAL CAMBIO DE USO GDR		30.824,27 ha

Táboa 5. Cambios de uso no GDR entre o SIOSE 2005 e o SIOSE 2014

No [anexo](#) engadiuse unha táboa de cambio de uso por concello entre os grupos simplificados dos mapas do SIOSE, pero a modo de resumo, e como pode verse na seguinte táboa, os concellos que en tiveron unha maior porcentaxe de cambio ($\geq 45\%$) foron A Bola (cun 54%, do que o 48% pasou de agrícola ou asimilable a bosque de frondosas), Vilardesantos, ou Taboada, fronte a Muíños, Verea ou Lobios por baixo do 5%.

Concello	% superficie cambio de uso
Allariz	5,27
Baltar	12,73
Bande	16,18



Concello	% superficie cambio de uso
Baños de Molgas	28,92
Os Blancos	38,65
A Bola	54,01
Calvos de Randín	10,19
Calanova	16,72
Entrimo	12,38
Xinzo de Limia	12,23
Xunqueira de Ambía	43,11
Lobeira	20,17
Lobios	3,70
Maceda	7,74
Muíños	2,18
Porqueira	41,85
Quintela de Leirado	13,97
Rairiz de Veiga	19,69
Sandiás	9,50
Sarreaus	16,06
Taboadela	44,93
Trasmirás	40,97
Verea	2,43
Vilar de Barrio	12,50
Vilar de Santos	50,60
Porcentaxe cambio uso no GDR	16,22

Táboa 6. Cambios de uso no GDR entre o SIOSE 2005 e o SIOSE 2014 por concello

E.1.2 Xestión agrogandeira e forestal do territorio

Estrutura das explotacións agrarias e dos aproveitamento da SAU

De acordo cos datos do Censo Agrario 2020 (INE, 2022)⁵ no territorio do GDR Limia-Arnoia localízanse 2.241 explotacións, que representan case un terzo das censadas na provincia de Ourense, aínda que só un 4% do total galego.

Territorio	Produción Total Estándar Media (PET) (€)*	Idade media xefatura de explotación	Xefatura de explotación mulleres (%)	Xefatura de explotación menor de 40 anos (%)	SAU media (ha)	Unidades de gando media (UGM)
Limia-Arnoia	120.583 €	62,2	46%	12%	14,7	72,9
Ourense	45.226 €	65,5	42%	8%	7,7	25,2

⁵ Fonte: INE, www.ine.es Censo Agrario 2020, os resultados derivados dos microdatos foron elaborados polos autores desta parte da estratexia e por tanto son os únicos responsables da exactitude ou fiabilidade dos mesmos.



Territorio	Produción Total Estándar Media (PET) (€)*	Idade media xefatura de explotación	Xefatura de explotación mulleres (%)	Xefatura de explotación menor de 40 anos (%)	SAU media (ha)	Unidades de gando media (UGM)
Galicia	40.314 €	63,0	47%	9%	10,1	24,4

Táboa 7. Estrutura das explotacións agrarias. Principais variables (E.P. a partir de microdatos do Censo Agrario 2020, INE 2022)

No seu conxunto e en contexto provincial e galego, o sector agrario no GDR ten unha dimensión económica reseñable, cunha Produción Estándar Total (PET) media que triplica a media galega. Esa maior dimensión débese fundamentalmente ao subsector gandeiro, e en particular ás granxas de granívoros (porcino e aves) tal e como se observa nos datos categorizados por Orientación Técnico-Económica (OTE) (Táboa 8). A nivel de base territorial, tamén de media, de novo as explotacións de Limia-Arnoia presentan un tamaño sensiblemente maior que o conxunto provincial e galego (Táboa 7). Así, no seu conxunto as explotacións do territorio suman unhas 33.000 hectáreas de Superficie Agraria Utilizada (90% da superficie censada total), o que representa algo máis do 40% da SAU censada en Ourense e arredor dun 6% da censada no país.

Este maior tamaño medio, tanto a nivel económico como de superficie, vai acompañado dunha maior proporción de xefes de explotación (XdE) menores de 40 anos (arredor dun 12%), se ben a idade media no conxunto é, ao igual que no contexto xeral, moi elevada, superando os sesenta e dous anos. Ademais, o 51% dos XdE teñen máis de 60 anos, o que amosa o gran reto de relevo xeracional (porén, inferior a Ourense e Galicia, cun 61% e 54% respectivamente). Pola súa banda, as porcentaxes de mulleres xefas de explotación son semellantes á media galega, lixeiramente por debaixo do 50%.

Logo desta visión xeral que contextualiza o sector agrario do GDR no contexto galego, é necesario destacar que existe unha grande diversidade tanto territorial como sectorial no seo do seu territorio.

A nivel sectorial, na Táboa 8 amósanse as principais características estruturais das explotacións agrarias, agrupadas pola súa orientación técnico-económica (OTE).

	Nº	% GDR	Produción Estándar Media (€)*	% GDR	SAU media (ha)	% GDR	Unidades de gando media (UGM)	% GDR
Agricultura xeral	905	40%	37.035,49 €	12%	15,3	42%	0,3	0,2%
Horticultura	95	4%	25.553,15 €	1%	5,8	2%	0,7	0,0%
Cultivos leñoso	130	6%	5.971,19 €	0%	1,9	1%	0,0	0,0%
Herbívoros	508	23%	36.202,39 €	7%	25,1	39%	27,1	8,4%
Granívoros	313	14%	666.078,36 €	77%	8,3	8%	467,8	89,6%
Policultivos	135	6%	10.518,49 €	1%	7,9	3%	0,5	0,0%
Gandería mixta	14	1%	217.549,90 €	1%	40,9	2%	150,8	1,3%
Cultivos e gandería	126	6%	17.191,97 €	1%	10,8	4%	6,5	0,5%
Non clasificadas	15	1%	-€	0%	4,9	0%	0,0	0,0%
TOTAL	2241	100%	120.582,84 €	100%	14,7	100%	72,9	100%

Táboa 8. Estrutura das explotacións segundo OTE. Principais variables (E.P. a partir microdatos Censo Agrario 2020, INE 2022)



Tal e como se adiantaba o sector agrario está fortemente especializado, se atendemos ao volume da Produción Estándar, na produción de porcino e aves. Aínda que só representan o 13% das explotacións censadas no 2020, este sub-sector achega o 77% da PTE e reúne practicamente o 90% das UGM do territorio. Porén, tan só xestiona de xeito directo o 8% da SAU e, de media, estas explotacións só teñen unhas 8 ha. Pola contra, os grupos de herbívoros, fundamentalmente bovino de orientación cárnica, e agricultura xeral (cereais e pataca), reúnen arredor do 90% da SAU, con 15 ha e 25 ha de media, respectivamente, aínda que apenas suman o 20% da produción estándar total estimada no territorio do GDR polo censo agrario 2020. A produción de horta e cultivos leñosos é practicamente residual, a pesar que se consideran producións con potencial de crecemento (ver sección [E.2.2 Aptitude para cultivos de expansión potencial](#)).

A nivel demográfico, a OTE de granívoros é que presenta xefes de explotación, de media, de menor idade, por debaixo dos 60 anos, sensiblemente por debaixo do resto de orientacións (ver Táboa 9). Pola contra, é o grupo coa menor porcentaxe de xefas de explotación mulleres, só presentes nun terzo das unidades produtivas. As xefas de explotación son maioría, pola contra, nas orientacións de policultivos e cultivos e gandería; orientacións que como vimos na táboa anterior teñen baixa importancia relativa tanto en número como en SAU e PET.

As explotacións gandeiras son as que maior porcentaxe de XdE mozos presentan, achegándose ao 20% nas tres orientacións especializadas e diferenciándose claramente do resto. Porén, de novo contextualizando en termos absolutos, os grupos nos que se concentran o maior número XdE mozos son os de agricultura xeral, herbívoros e granívoros: un total de 222 explotacións. No conxunto, a porcentaxe de XdE é dun 12%, sensiblemente por enriba das medias provinciais (8%) e do país (9%).

	Idade media XdE	% XdE mulleres	Explotacións con XdE de 40 anos ou menos			Explotacións con XdE de máis de 60 anos		
			Nº (%) do total)	ST (%) do total)	PET (%) do total)	Nº (%) do total)	ST (%) do total)	PET (%) do total)
Agricultura xeral	64,8	52%	10%	22%	28%	58%	34%	22%
Horticultura	67,5	49%	4%	1%	3%	71%	51%	49%
Cultivos leñosos	73,8	37%	2%	10%	6%	80%	65%	69%
Herbívoros	57,2	40%	17%	20%	16%	38%	20%	25%
Granívoros	54,4	32%	16%	17%	16%	26%	33%	31%
Policultivos	68,4	63%	6%	8%	10%	69%	54%	42%
Gandería mixta	59,9	43%	21%	33%	34%	50%	44%	60%
Cultivos e gandería	60,8	58%	14%	18%	14%	53%	48%	35%
TOTAL	62,2	46%	12%	20%	18%	51%	30%	30%

Táboa 9. Características estruturais das explotacións por OTE. Demografía (E.P. a partir de microdatos do Censo Agrario 2020, INE 2022)

En tódolos grupos se aprecia unha porcentaxe elevada de explotacións con XdE maior de 60 anos (Táboa 9). Arredor da metade das explotacións se atopan nesa situación, aínda que a proporción baixa en termos de superficie total e PET ata un 30% no conxunto do GDR para ámbalas dúas variables. Así, arredor de 10.000 ha de superficie total (un pouco menos en



termos de SAU) estarían sendo xestionadas por explotacións cun XdE próximo á idade de xubilación, aspecto a ter en conta nos escenarios de mobilidade de terras e dinámica de usos futuros. Con todo, os datos son un pouco máis favorables para o GDR Limia-Arnoia que para as medias de Ourense e Galicia, cun 61% e 54% de XdE maiores de 60 anos respectivamente.

	SAU total (ha)	% SAU en propiedade	Terras arables (% SAU)	Pastos permanentes (% SAU)	% SAU Ecolóxico	Carga gandeira (UGM/ha)
Agricultura xeral	13.840	35%	88%	12%	0,18%	0,0
Horticultura	551	37%	72%	25%	0,14%	0,1
Cultivos leñoso	248	73%	10%	23%	0,36%	0,0
Herbívoros	12.730	19%	24%	76%	8,81%	1,1
Granívoros	2.593	26%	54%	45%	0,01%	56,5
Policultivos	1.064	51%	55%	42%	0,00%	0,1
Gandería mixta	573	13%	49%	51%	0,00%	3,7
Cultivos e gandería	1.364	28%	51%	48%	0,23%	0,6
Non clasificadas	73	80%	88%	12%	0,00%	0,0
TOTAL	33.035	29%	57%	43%	0,01%	2,4

Táboa 10. Características básicas da SAU por OTE (E.P. a partir de microdatos do Censo Agrario 2020, INE 2022)

A SAU componse, no conxunto do territorio, dunha proporción lixeiramente superior de terras de labradío que de pastos, aínda que veremos con posterioridade que existen marcadas diferencias territoriais. Como era de esperar, a distribución diferénciase claramente en función da OTE das explotacións (Táboa 10).


A nivel estrutural, os datos do 2020 amosan como as explotacións foron incrementando sensiblemente a proporción de SAU en arrendamento en relación a aquela en propiedade. No territorio de Limia-Arnoia, a SAU baixo algún tipo de cesión nas explotacións censadas é de media superior ao 70%, 10% máis que no conxunto de Galicia, e mesmo supera o 80% nas OTE de gandería máis extensiva. Isto indica, cando menos nalgúns zonas e para as explotacións existentes, unha capacidade e dinamismo elevado no acceso a novas superficies. A presenza de superficies en esquemas de agricultura ecolóxica é, segundo os datos do Censo Agrario, moi residual (xa sexa superficie certificada ou en período de conversión). Tan só ten certa presenza na OTE de herbívoros, e non chega ao 10% nese grupo de explotacións.

Pola contra, a forte concentración gandeira na OTE de granívoros, mencionada con anterioridade (Táboa 10), resulta nunhas cargas gandeiras extremadamente elevadas en relación á SAU para ese conxunto de explotacións. Arredor do 90% das unidades gandeiras do territorio se concentran en explotacións que xestionan de forma directa tan só o 8% da SAU. Porén, estes datos non amosan nin representan a carga relativa en relación á xestión dos xurros, que pode abarcar unha superficie maior, aproveitada por explotacións diferentes ás de orixe dos mesmos.



Para unha análise máis pormenorizada no tipo de aproveitamentos na SAU analizáronse as declaracións de superficies asociadas ás solicitudes de axuda da PAC do ano 2021⁶. A superficie declarada no GDR acada as 28.312 ha, distribuída en 59 producións diferentes e 66.344 recintos.

Figura 6. Distribución das producións que ocupan máis dun 1% da superficie total declarada no GDR



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos descargados en <https://www.fega.gob.es/atom/es.fega.sigpac.xml>

⁶ O Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas, SIXPAC, permite a identificación xeográfica das parcelas declarada polos agricultores e gandeiros, en calquera réxime de axuda relacionado coa superficie cultivada ou aproveitada polo gando. En España, o Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro de 2014, constitúe a normativa pola que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, establecendo as normas de aplicación en España do SIXPAC e a súa utilización como instrumento de xestión no marco do Sistema Integrado de Xestión e Control (SIXC) para os réximes de axuda relacionados coa superficie nas solicitudes de axudas da política agrícola común (PAC). No SIXC almacénanse tódalas parcelas e recintos que perciben axudas da PAC, con información pormenorizada do tipo de aproveitamento e liña de axuda. Unha parte desa información pode descargarse de <https://www.fega.gob.es/atom/es.fega.sigpac.xml>.



Figura 7. Distribución, por superficie declarada, das producións que teñen máis de 100 ha no GDR



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos descargados en <https://www.fega.gob.es/atom/es.fega.sigpac.xml>

Esta superficie declarada distribúese en 1.306 expedientes, que poden asimilarse a declarantes diferentes, 704 deses expedientes conteñen recintos en máis de un concello do GDR. O número de recintos que contén cada expediente varía de 1 a 820, e non ten correlación directa coa superficie.


Concello	superficie declarada ha	nº de recintos	nº de expedientes	% de superficie declarada
Allariz	648,51	2977	37	7,5
Baltar	1167,76	2850	77	12,4
Bande	556,57	1904	36	5,6
Baños de Molgas	629,88	3419	61	9,3
Os Blancos	664,15	2757	57	14,0
A Bola	177,99	1187	21	5,1
Calvos de Randín	1019,11	3223	51	10,4
Calanova	709,66	2158	49	10,5
Entrimo	681,1	2139	28	8,1
Xinzo de Limia	5478,45	7661	386	41,3
Xunqueira de Ambía	1757,22	2214	129	29,2
Lobeira	509,93	1520	20	7,4
Lobios	505,15	1088	26	3,0
Maceda	1936,3	6453	96	19,0
Muíños	441,61	1860	26	4,0
Porqueira	1189,8	2287	96	27,4



Quintela de Leirado	82,26	783	5	2,6
Rairiz de Veiga	829,72	3786	81	11,5
Sandiás	1891,35	1954	163	35,8
Sarreaus	2266,98	3775	185	29,3
Taboadela	99,47	543	8	4,0
Trasmirás	4381,31	7399	174	77,3
Verea	1163,2	2136	33	12,4
Vilar de Barrio	1317,76	3152	81	12,4
Vilar de Santos	573,5	1325	80	27,7

Táboa 11 Superficie declarada e número de recintos, dos expedientes que declaran máis de 100 ha no GDR
<https://www.fega.gob.es/atom/es.fega.sigpac.xml>

Figura 8. Distribución de superficie declarada, número de recintos e de expedientes por concello



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos descargados en <https://www.fega.gob.es/atom/es.fega.sigpac.xml>

Estrutura das explotacións agrarias a nivel municipal

Tal e como se adiantou existen marcadas diferencias territoriais. Cinco municipios concentran algo máis do 50% da SAU do territorio do GDR, localizándose en Xinzo de Limia practicamente a quinta parte do total (Xunqueira de Ambía, Maceda, Sandiás e Trasmiras completan o quinteto, Táboa 12). Do mesmo xeito, eses mesmos municipios, co 39% das explotacións agrarias censadas, aglutinan o 49% tanto da PET como das UGM. En relación ás UGM, se engadimos aos cinco municipios mencionados, os de Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Sarreaus, Rairiz de Veiga e Vilar de Barrio, sumaríase o 85% da cabana. Só Xinzo de Limia, Maceda e Sarreaus concentran o 50% da cabana censada.



Municipio	Explotacións censadas		Producción Estándar Total (PET)		SAU		Unidades gandeiras	
	Nº	% sobre total do GDR	Total censado (€)	% sobre total do GDR	Total censado (ha)	% sobre total do GDR	Total censado (UGM)	% sobre total do GDR
Allariz	84	4%	3.306.931 €	1%	914,9	3%	1.692	1%
Baltar	100	4%	9.795.580 €	4%	1.441,7	4%	6.486	4%
Bande	63	3%	1.888.745 €	1%	579,5	2%	1.403	1%
Baños de Molgas	62	3%	2.876.146 €	1%	796,2	2%	2.288	1%
Os Blancos	79	4%	9.534.402 €	4%	953,1	3%	7.644	5%
A Bola	29	1%	1.153.987 €	0%	128,8	0%	137	0%
Calvos de Randín	70	3%	13.960.191 €	5%	1.249,1	4%	8.322	5%
Celanova	114	5%	7.990.646 €	3%	1.001,9	3%	3.988	2%
Entrimo	41	2%	1.223.954 €	0%	367,2	1%	809	0%
Xinzo de Limia	395	18%	49.493.996 €	18%	7.240,3	22%	21.264	13%
Xunqueira de Ambía	114	5%	8.727.169 €	3%	1.932,4	6%	4.101	3%
Lobeira	40	2%	4.633.869 €	2%	601,5	2%	4.138	3%
Lobios	75	3%	3.879.903 €	1%	1.142,7	3%	2.232	1%
Maceda	113	5%	45.168.817 €	17%	2.061,5	6%	40.306	25%
Muíños	47	2%	584.379 €	0%	390,0	1%	306	0%
Porqueira	88	4%	4.429.329 €	2%	1.529,3	5%	1.270	1%
Quintela de Leirado	18	1%	443.538 €	0%	225,0	1%	281	0%
Rairiz de Veiga	83	4%	15.061.401 €	6%	1.172,5	4%	9.886	6%
Sandiás	119	5%	16.382.555 €	6%	1.882,0	6%	8.416	5%
Sarreaus	143	6%	30.868.433 €	11%	2.244,6	7%	19.190	12%
Taboadela	32	1%	1.348.074 €	0%	194,0	1%	1.063	1%
Trasmiras	129	6%	12.686.497 €	5%	1.882,1	6%	5.310	3%



Municipio	Explotacións censadas		Producción Estándar Total (PET)		SAU		Unidades gandeiras	
	Nº	% sobre total do GDR	Total censado (€)	% sobre total do GDR	Total censado (ha)	% sobre total do GDR	Total censado (UGM)	% sobre total do GDR
Verea	47	2%	4.349.786 €	2%	818,1	2%	2.606	2%
Vilar de Barrio	86	4%	11.983.189 €	4%	1.543,9	5%	6.792	4%
Vilar de Santos	70	3%	8.454.635 €	3%	742,5	2%	3.541	2%
TOTAL GDR Limia-Arnoia	2.241		270.226.150 €		33.034,6		163.471	

Táboa 12. Caracterización do sector agrario a nivel municipal. Principais variables (E.P. a partir microdatos Censo Agrario 2020)

Pola contra, un bo número de municipios presentan un sector agrario moito máis reducido. Un total de 14 municipios (sombreados en azul na Táboa 12) reúnen tan só o 25% da SAU, e menos do 20% da PET e das UGM, aínda que xuntan algo máis dun terzo de explotacións. Dedúcese polo tanto que tamén o tamaño medio das mesmas é sensiblemente inferior á media.

A análise demográfica amosa, de novo, marcadas diferencias territoriais (Táboa 13). Se ben en tódolos municipios as idades medias das persoas XdE son moi elevadas, aqueles que concentran o groso da actividade agraria segundo o visto previamente son tamén os que, con carácter xeral, teñen persoas máis novas ao fronte das explotacións. Así, só Xinzo de Limia, Sandiás e Trasmiras teñen XdE con idades medias lixeiramente inferiores aos 60 anos. Eses tres municipios tamén concentran un terzo dos XdE menores de 40 anos aínda que, neste senso, cabe salientar que Baltar, Rairiz de Veiga, Vilar de Barrio e Celanova, non estando no grupo de maior dinamismo agrogandeiro, tamén presentan un ratio de persoas mozas nas explotacións agrarias sensiblemente por enriba da media. Eses catro municipios acumulan outro cuarto das xefaturas de explotación menores de 40 anos.

Por outra banda, un total de seis municipios presentan idades medias maiores de 65 anos (Allariz, A Bola, Lobeira, Lobios, Quintela de Leirado e Taboadela) (Táboa 13).

NomeConcel	Idade media XdE	XdE menores de 40 anos		XdE maiores de 60 anos		
		Nº	Superficie total (ha)	Nº	Superficie total (ha)	PET media (€/exp.)
Allariz	67,3	9	190	57	540	19.760
Baltar	60,4	15	365	46	501	48.858
Bande	64,1	7	166	37	210	14.289
Baños de Molgas	61,1	10	322	28	232	5.666
Os Blancos	62,2	10	251	40	299	35.978
A Bola	67,7	2	42	17	42	13.143
Calvos de Randín	64,4	6	178	42	586	20.738
Celanova	64,3	13	123	69	330	47.540
Entrimo	61,8	5	93	20	122	7.404
Xinzo de Limia	59,8	51	1.619	176	2.544	86.204
Xunqueira de Ambía	61,5	13	462	57	659	33.844



NomeConcel	Idade media XdE	XdE menores de 40 anos		XdE maiores de 60 anos		
		Nº	Superficie total (ha)	Nº	Superficie total (ha)	PET media (€/exp.)
Lobeira	65,5	2	104	21	225	105.571
Lobios	66,2	4	394	47	249	33.356
Maceda	60,2	14	329	51	766	494.045
Muíños	64,3	6	70	30	204	5.926
Porqueira	64,0	9	627	46	342	13.579
Quintela de Leirado	69,9	1	5	12	162	16.628
Rairiz de Veiga	62,0	14	407	40	247	127.055
Sandiás	59,4	11	248	49	575	58.225
Sarreaus	62,9	8	136	78	777	97.495
Taboadela	70,9	2	79	25	66	47.042
Trasmiras	58,2	21	569	55	563	52.628
Verea	63,6	4	132	23	185	8.063
Vilar de Barrio	62,2	13	141	43	323	66.913
Vilar de Santos	63,2	8	152	35	250	69.505
TOTAL GDR Limia-Arnoia	62,2	258	7.203	1144	10.998	71.864

Táboa 13. Demografía das explotacións agrarias (E.P. a partir de microdatos Censo Agrario 2020)

En máis da metade dos municipios da Limia-Arnoia, os XdE con máis de 60 anos son maioría (por enriba do 50% das xefaturas). Tendo en conta que este colectivo está próximo á xubilación, é de interese analizar o posible impacto territorial, en termos de dinámica de uso ou económica, que suporía o cesamento de actividade das súas explotacións. Mesmo nos municipios máis dinámicos na actualidade (Xinzo, Sandiás, Trasmiras, Sarreaus e Maceda), habería unhas 5.000 ha susceptibles de quedaren liberadas nos vindeiros anos.

Outro aspecto estrutural a analizar en perspectiva xeográfica e o grao de intensificación gandeira. Tal e como se pode apreciar na Táboa 14, e atendendo aos datos do Censo Agrario 2020, boa parte da SAU tería unha carga gandeira, en xestión directa⁷, de menos de 2 UGM/ha. Pola contra, algo menos de 4.000 ha terían unhas cargas gandeiras directas significativamente maiores.

	Carga gandeira media (UGM/ha SAU)	Carga Menor 2 UGM/ha			Carga Maior 2 UGM/ha		
		Nº Explot	SAU total (ha)	Carga media (UGM/ha SAU)	Nº Explot	SAU total (ha)	Carga media (UGM/ha SAU)
Allariz	1,8	70	759	0,8	14	156	7,2
Baltar	4,5	79	1.235	0,5	21	207	28,5
Bande	2,4	55	561	0,7	8	18	56,3
Baños de Molgas	2,9	55	780	0,7	7	16	111,5
Os Blancos	8,0	67	745	0,4	12	208	35,2
A Bola	1,1	22	107	0,7	7	21	3,0
Calvos de Randín	6,7	57	1.131	0,5	13	118	65,6

⁷ Asumindo que tan só recibe os xurros derivados do gando das propias explotacións e, polo tanto, obviando posibles trasvases de xurros dende explotacións excedentarias e outras deficitarias, algo que acontece con frecuencia, pero de difícil cuantificación.



	Carga gandeira media (UGM/ ha SAU)	Carga Menor 2 UGM/ha			Carga Maior 2 UGM/ha		
		Nº Explot	SAU total (ha)	Carga media (UGM/ha SAU)	Nº Explot	SAU total (ha)	Carga media (UGM/ha SAU)
Celanova	4,0	89	924	0,6	25	78	44,4
Entrimo	2,2	32	350	0,9	9	17	29,7
Xinzo de Limia	2,9	321	6.127	0,1	74	1113	18,6
Xunqueira de Ambía	2,1	101	1.701	0,2	13	232	16,5
Lobeira	6,9	24	505	1,0	16	96	37,7
Lobios	2,0	60	1.107	0,3	15	36	52,2
Maceda	19,6	79	1.618	0,9	34	443	87,6
Muíños	0,8	42	377	0,6	5	13	7,4
Porqueira	0,8	82	1.473	0,1	6	56	19,2
Quintela de Leirado	1,2	16	224	1,2	2	1	4,1
Rairiz de Veiga	8,4	64	925	0,7	19	247	37,2
Sandiás	4,5	99	1.655	0,2	20	227	35,6
Sarreaus	8,5	115	1.978	0,6	28	267	67,8
Taboadela	5,5	29	185	0,8	3	9	104,0
Trasmiras	2,8	114	1.821	0,1	15	61	82,2
Verea	3,2	38	808	0,8	9	11	182,6
Vilar de Barrio	4,4	69	1.422	0,7	17	122	47,5
Vilar de Santos	4,8	56	634	0,1	14	109	32,1
GDR-Todas	4,9	1.835	29.154	0,4	406	3880	39,0

Táboa 14. Intensificación gandeira a nivel municipal (E.P. a partir microdatos Censo Agrario 2020)

Analizando a carga gandeira media a nivel municipal, dato interesante dado que pode integrar de xeito máis real as posibles transferencias de xurros entre explotacións excedentarias e deficitarias, por exemplo, tipicamente, entre explotacións con OTEs especializadas granívoros (porcino ou aves) e aquelas centradas na agricultura (p.ex. cereal ou tubérculos), identifícanse unha serie de municipios con cargas medias elevadas. En particular, Maceda, Sarreaus, Rairiz de Veiga, Taboadela, Lobeira, Calvos de Randín e os Blancos, con valores por enriba das 5 UGM/ha de SAU.

A muller no sector agrario

Tal e como se indicou con anterioridade, o 46% das xefaturas das explotacións agrarias censadas no 2020 ocupábaas unha muller (Táboa 15). A nivel estrutural, apréciase como dito conxunto de explotacións ten un tamaño medio menor no conxunto do territorio, manifestándose a varios niveis. Por unha banda, a base territorial das explotacións con mulleres na xefatura xestionan, de media, case cinco hectáreas menos que aquelas dirixidas por homes, un 28% menos. A nivel gandeiro esa porcentaxe aumenta a un 37% de UGMs por debaixo nas explotacións de mulleres en relación ás de homes. Isto leva a un tamaño económico medio sensiblemente inferior: a PET media é, para as explotacións xestionadas por mulleres, un 41% inferior a aquelas con homes na xefatura. En canto á tenencia da terra,



a taxa de arrendamento é lixeiramente menor, aínda que segue a ser moi elevada e supera o 65% da SAU por termo medio.

	XdE Mulleres	XdE Homes	Todas
Nº explotacións	1.039	1.202	2.241
PET - Media (€)	87.206	149.434	120.583
PET - Total (€)	90.606.813	179.619.336	270.226.150
Idade media xefatura explotación	65,3	59,5	62,2
Nº xefaturas mulleres	1.039	1.202	2.241
Superficie explotación media (ha)	13,5	18,7	16,3
Superficie total (ha)	13.985	22.479	36.464
SAU media (ha)	12,2	16,9	14,7
SAU total (ha)	12.662	20.373	33.035
SAU en propiedade (%)	33,8%	25,3%	28,6%
Terra arable media (ha)	7,1	9,4	8,3
Terra arable total (ha)	7.392	11.290	18.681
Pastos media (ha)	5,0	7,4	6,3
Pastos totais (ha)	5.175	8.881	14.056
Unidades de gando. Media (UGM)	57.536	105.936	163.471
Unidades de gando. Total (UGM)	55	88	73

Táboa 15. Estrutura das explotacións agrarias. Distribución por xénero (E.P. a partir microdatos Censo Agrario 2020)

Ademais, destaca a maior idade media das xefas de explotación, que se sitúa xa por enriba dos 65 anos, cando no caso dos homes, aínda estando moi preto, aínda non chega aos 60 anos. Tal e como se aprecia na Táboa 16 a desviación comeza claramente nos grupos de idade máis xoves. Tan só un 3,6% das xefas de explotación teñen menos de 40 anos, cando esa proporción ascende ao 13% no caso dos homes. O ritmo de relevo xeracional presenta un claro sesgo de xénero, sendo a taxa de incorporación das mulleres, cando menos a nivel de xefatura de explotación, sensiblemente menor.

		XdE Mulleres	XdE Homes	Todas
Xefatura <= 40 anos	Nº	38	157	195
	Superficie - Media (ha)	31,9	31,7	31,7
	PET - Media (€)	130.037	205.583	190.861
	Unidades Gandeiras. Media (UGM)	70	111	103
Xefatura >= 60 anos	Nº	683	571	1.254
	Superficie - Media (ha)	8,9	10,8	9,8
	PET - Media (€)	65.160	81.751	72.715
	Unidades Gandeiras. Media (UGM)	48	51	49

Táboa 16 Estrutura das explotacións agrarias. Distribución por clases etarias (E.P. a partir de microdatos Censo Agrario 2020)

Pola contra, as maiores de 60 anos representan case o 66% das mulleres dirixindo explotacións cando no caso dos homes esa porcentaxe se sitúa no 47%. Así, o grao de envellecemento nas xefas de explotación é moi elevado no conxunto do territorio e, como se poderá observar na Táboa 18, tan só as explotacións dirixidas por mulleres en Xinzo de Limia teñen máis do 40% de xefaturas menores de 60 anos.



Como nota positiva, semella que nas franxas de idade máis novas o tamaño medio iguálase, cando menos a nivel de superficie dispoñible. Porén, isto non repercute de forma lineal no volume económico, debido á que nas orientacións gandeiras as explotacións dirixidas por homes teñen, por termo medio, maior número de cabezas de gando, fenómeno que non se observa con tanta claridade analizando o global dos tramos de idade (Táboa 17). En todo caso, a menor taxa de relevo pode ser unha causa explicativa da menor dimensión das explotacións agrarias das mulleres no conxunto global, dado que como se viu, as explotacións con xefes de explotación maiores de 60 anos son por termo xeral de menor tamaño.

		Agricultura xeral	Horticultura	Cultivos leñoso	Herbívoros	Granívoros	Policultivos	Gandería mixta	Cultivos e gandería	Non clasificadas
Mulleres	Nº	467	47	48	204	101	85	6	73	8
	PET - Media (mil €)	25,1	14,8	4,0	29,6	688,8	12,1	26,0	16,9	-
	Idade media	68	71	78	59	56	68	63	64	72
	SAU - Media (ha)	12	4	2	21	7	9	23	11	
	Unidades Gandeiras. Media (UGM)	0	1	0	22	518	1	25	7	-
Homes	Nº	438	48	82	304	212	50	8	53	7
	PET - Media (mil €)	49,8	36,1	7,1	40,7	655,3	7,8	361,2	17,6	-
	Idade media	61	64	71	56	54	69	58	57	60
	SAU - Media (ha)	19	7	2	28	9	6	54	11	5
	Unidades Gandeiras. Media (UGM)	0	0	0	31	444	0	245	6	-

Táboa 17. Estrutura das explotacións en función da OTE e o xénero da XdE. Principais variables (E.P. con microdatos Censo Agrario 2020)

A nivel municipal reproducense, con carácter xeral, os patróns observados no conxunto do territorio do GDR. AS XdE mulleres son maioría en tan só sete municipios (A Bola, Os Blancos, Entrimo, Muíños, Porqueira, Sarreaus e Vilar de Barrio) nos que, salvo a excepción de Sarreaus, o sector agrario é marxinal (Táboa 18). Xinzo de Limia tamén concentra, con diferenza, a maior porcentaxe de explotacións do territorio con XdF mulleres, un 18% do total do GDR, a mesma porcentaxe que para o global das unidades. Ségueno Sarreaus, onde a presenza das mulleres como XdE é, en termos relativos, máis destacada, e Vilar de Barrio e Porqueira.



		Terra SAU Media	arable. Media	Pastos. Media	Unidades Gandeiras. Media	XdE <=40 anos	XdE >60 anos
	Nº	(ha)	(ha)	(ha)	(UGM)	(Nº)	(%)
Allariz	41	9,7	1,3	8,1	17,6	1	76%
Baltar	49	15,1	5,5	9,6	23,4	1	65%
Bande	26	6,5	1,5	4,7	7,0		73%
Baños de Molgas	29	13,5	1,7	11,5	38,9	1	72%
Os Blancos	40	10,2	5,8	4,3	90,9	1	60%
A Bola	18	5,7	2,1	3,3	5,5		61%
Calvos de Randín	32	22,7	10,9	11,8	57,8	1	69%
Celanova	41	8,1	0,9	7,0	14,0	2	78%
Entrimo	22	5,5	0,8	4,5	14,3	2	68%
Xinzo de Limia	187	15,4	13,7	1,7	29,4	11	56%
Xunqueira de Ambía	48	12,4	9,2	3,1	51,5	2	71%
Lobeira	15	12,5	0,5	12,0	66,1		60%
Lobios	33	5,5	1,1	4,2	22,1		73%
Maceda	34	17,9	1,3	16,5	678,9	1	62%
Muíños	28	6,6	1,5	5,1	5,0	1	75%
Porqueira	51	10,2	7,2	2,9	17,9	2	63%
Quintela de Leirado	7	18,6	0,2	18,2	24,1		86%
Rairiz de Veiga	40	8,1	4,0	4,1	74,0	2	73%
Sandiás	46	11,2	10,7	0,5	33,3	1	63%
Sarreaus	80	14,5	10,9	3,6	66,6	1	65%
Taboadela	9	3,9	0,6	3,1	4,7		100%
Trasmiras	61	12,0	10,7	1,2	18,9	3	62%
Verea	21	11,5	1,7	9,8	10,3		76%
Vilar de Barrio	47	14,5	7,3	7,1	51,4	5	60%
Vilar de Santos	34	8,7	7,3	1,3	7,2		71%

Táboa 18. Explotacións dirixidas por mulleres. Variables de estrutura e demografía a nivel municipal (E.P. cos microdatos do Censo Agrario 2020)

O relevo xeracional a cargo de mulleres, moi escaso en termos globais tal e como se indicou, concéntrase en boa medida en Xinzo de Limia, onde se atopa practicamente un terzo das XdE mulleres menores de 40 anos. En doce municipios, máis do 70% das XdE mulleres superan os 60 anos de idade e noutros oito non hai ningunha XdE menor de 40.

En canto á base territorial, en só cinco municipio as explotacións con XdF mulleres superan, por termo medio, as 15 hectáreas de SAU (Táboa 18). En Calvos de Randín a SAU media por explotación achégase ás 23 ha. A nivel gandeiro, as OTEs de granívoros xestionadas por mulleres concéntranse sobre todo en Maceda.


E.2 Caracterización da aptitude agraria e do abandono.



E.2.1 Caracterización da aptitude agraria dos solos

A falta de dispoñer dos catálogos de solos e agropecuarios e forestais definidos na lei 11/2021 de recuperación da terra agraria de Galicia, o traballo de maior envergadura realizado en Galicia ata a actualidade, no que a clasificación agronómica se refire, segue a ser o de Díaz-Fierros & Gil Sotres (1984), publicado baixo o título "Capacidad productiva de los suelos de Galicia". O enfoque metodolóxico e o propio mapa (para determinados fins) seguen a ter plena validez na actualidade.

Figura 9. Clasificación da aptitude para millo no ámbito do GDR



Fonte: [SIT-Limia-Arnoia](#)

Globalmente o ámbito do territorio amosa unha aptitude agronómica do solo relativamente modesta, mesmo limitada. Considerando o mapa de Díaz-Fierros, e sen ter en conta a posibilidade de rega, as superficies con boa capacidade produtiva para o cultivo do millo (utilizado como referencia para as terras de labradío) ocupan unha extensión reducida. No seu conxunto, o mapa identifica tan só unhas 5.430 ha clasificadas con aptitude de tipo A2 para millo e unhas 50.800 ha adicionais de aptitude tipo A3, en total arredor dun 29% da superficie. Esta distribución non é homoxénea en tódolos municipios, concentrándose as terras de mellor aptitude agraria nos concellos de Xinzo de Limia, Baños de Molgas, Sarreaus, Trasmiras, Maceda, Rairiz de Veiga, Sandiás e Xunqueira de Ambía. Nesta clasificación non se ten en conta a posibilidade de rega, que aumentaría as superficies aptas a terreos que, doutro xeito, non contarían coas condicións de humidade necesarias.

Municipio	Millo A2	Millo A3	Prado A1	Prado A2	Prado A3
Allariz	-	3.172	5.271	281	3.008




Municipio	Millo A2	Millo A3	Prado A1	Prado A2	Prado A3
Baltar	-	-	-	3.936	1.827
Bande	-	1.513	2.864	2.324	3.669
Baños de Molgas	659	3.994	4.941	40	1.209
Os Blancos	-	158	158	2.723	1.372
A Bola	-	1.110	2.456	1.032	-
Calvos de Randín	-	-	-	4.002	3.356
Celanova	-	2.484	3.831	2.535	189
Entrimo	-	324	895	305	1.541
Xinzo de Limia	995	8.231	9.275	1.235	2.336
Xunqueira de Ambía	189	3.227	3.682	156	2.099
Lobeira	-	230	1.130	380	3.359
Lobios	-	381	1.972	2	3.082
Maceda	566	3.327	4.166	1.335	3.393
Muíños	-	765	2.161	1.317	3.927
Porqueira	466	1.661	2.567	541	1.229
Quintela de Leirado	-	166	1.153	160	1.196
Rairiz de Veiga	773	3.083	4.385	888	716
Sandiás	727	2.764	3.712	212	1.356
Sarreaus	171	3.786	3.957	831	269
Taboadela	-	1.894	2.058	-	459
Trasmiras	-	3.902	4.376	1.082	86
Verea	-	1.540	2.702	2.772	2.489
Vilar de Barrio	292	2.133	2.426	486	5.251
Vilar de Santos	591	1.030	1.681	100	288
Total Limia-Arnoia	5.431	50.877	71.818	28.674	47.709

Táboa 19. Aptitude da terra para cultivo de millo e pradeira (ha) (E.P. a partir de Corbelle et al., 2014)


As terras con peor aptitude agraria concéntranse nos concellos do suroeste do GDR.

Figura 10. Aptitude para millo no ámbito do GDR por concellos



Fonte: Elaboración propia a partir do "Mapa dixital de capacidade produtiva dos solos de Galicia" Corbelle et al.

Figura 11. Clasificación da aptitude para prado no ámbito do GDR




Fonte: Fonte: Captura [SIT-Límia-Arnoia](#)

As terras aptas para prado, tendo este aproveitamento uns requirimentos agronómicos menores, teñen unha presenza moito máis abundosa. Porén, a zona suroccidental do territorio presenta, tamén para prado, unha capacidade produtiva limitada. Boa parte dos municipios do centro e norte presentan en xeral boas condicións. Algo máis do 40% do territorio tería solos de tipo A1 para prado.



Figura 12. Distribución da superficie declarada PAC sobre a aptitude para millo definida por Díaz-Fierros e Gil Sotres




Fonte: Elaboración propia a partir de "Francisco Díaz-Fierros Viqueira, Fernando Gil Sotres: Capacidad productiva de los suelos de Galicia" e dos datos descargados en <https://www.fega.gob.es/atom/es.fega.sigpac.xml>

Analizando as superficies declaradas nas solicitudes de axudas da política agrícola común (PAC) para o ano 2021, obsérvase que das 28.312 ha declaradas, unha superficie aproximada de 17.000 ha (o 60%) atópase nas terras clasificadas como A para o cultivo de millo por Díaz-Fierros. O trigo ocupa o 30% desa superficie, seguido do pasteiro de cinco ou máis anos (25%) e da pataca (13%).



Figura 13. Distribución da superficie declarada PAC sobre a aptitude para prado definida por Díaz-Fierros e Gil Sotres



Fonte: Elaboración propia a partir de "Francisco Díaz-Fierros Viqueira, Fernando Gil Sotres: Capacidad productiva de los suelos de Galicia" e dos datos descargados en <https://www.fega.gob.es/atom/es.fega.sigpac.xml>

E.2.2 Aptitude para cultivos de expansión potencial

O GDR identifica un conxunto de cinco aproveitamentos agrarios con especial interese pola súa proxección a futuro e pola existencia de demanda real e actual de terras no seu ámbito de actuación. Por iso, ademais da análise do potencial produtivo xenérico, en base ás producións testigo utilizadas por Díaz-Fierros e analizadas no apartado anterior, considérase interesante facer unha análise territorial específica para cada un deles. En concreto, ademais dos pastos, que é un dos mesmos, trátase:

- Cereal: en zonas fóra da Limia, onde xa é habitual.
- Pataca: en zonas fóra da Limia, onde xa é habitual. Pataca IXP e pataca de sementeira en zonas máis abstinentes que producen semente de maior calidade.
- Horta: do tipo dos cultivos máis comúns, Repolo, Verza, Porros, Xudía e Tomate.
- Froito: limitados aos máis demandados e comúns como Mazá e Pera.

Os resultados das análises poden consultarse no visor [SIT-Limia-Arnoia](#) no grupo de capas "aptitude". Nos seguintes apartados móstrase a metodoloxía seguida en canto a fontes de información xeral e variables empregadas en cada cultivo, cunha imaxe dos resultados a nivel GDR.

Capas de información, fontes cartográficas e bibliográficas empregadas




As variables empregadas por parte do sistema para avaliar a aptitude dun lugar determinado para unha produción dada, e que se mencionan ó longo desta memoria, xunto coa súa fonte orixinal, son as que se indican na seguinte táboa:

Variable	Fonte de información
Altitude	MDT25 do Instituto Geográfico Nacional. Sistema ETRS89, proxección UTM, fuso 29N (epsg:25829).
Pendente	En porcentaxe. Calculada sobre o MDT25 do Instituto Geográfico Nacional. Sistema ETRS89, proxección UTM, fuso 29N (epsg:25829).
Orientación *	Con orixe no E e sentido antihorario (https://grass.osgeo.org/grass78/manuals/r.slope.aspect.html). Calculada sobre o MDT25 do Instituto Geográfico Nacional. Sistema ETRS89, proxección UTM, fuso 29N (epsg:25829).
Capacidade agronómica produtiva	Corbelle Rico, E., Vila García, D. e CrecenteMaseda, R. (2014). <i>Mapa dixital de capacidade produtiva dos solos de Galicia</i> . Laboratorio do territorio, Universidade de Santiago de Compostela. Dispoñible en http://sit.usc.es/ . Díaz-Fierros Viqueira, F. e Gil Sotres, F. (1984). <i>Capacidad productiva de los suelos de Galicia</i> . Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela.
Entidades	Descargados do Plan Básico Autonómico http://mapas.xunta.gal/visores/descargas-pba/
pH do solo	Lado, Luis; Tapia, Luis; Taboada, Teresa; Pérez-Rodríguez, Marta; Macias-Vázquez, I. Felipe e Martínez-Cortizas, Antonio. (2018). Atlas digital de propiedades de suelos de Galicia. 10.15304/9788416533848. Consultado en: http://rgis.cesga.es/index.html
Nº días consecutivo s no ano con SCHS húmida e Tª solo > 8°C	Lado, Luis; Tapia, Luis; Taboada, Teresa; Pérez-Rodríguez, Marta; Macias-Vázquez, I. Felipe e Martínez-Cortizas, Antonio. (2018). Atlas digital de propiedades de suelos de Galicia. 10.15304/9788416533848. Consultado en: http://rgis.cesga.es/index.html
Días acumulados SCHS seca a Tª solo > 5°C	Lado, Luis; Tapia, Luis; Taboada, Teresa; Pérez-Rodríguez, Marta; Macias-Vázquez, I. Felipe e Martínez-Cortizas, Antonio. (2018). Atlas digital de propiedades de suelos de Galicia. 10.15304/9788416533848. Consultado en: http://rgis.cesga.es/index.html
SIXPAC	Año 2015 (https://fogga.xunta.gal/es/sixpac)
Volumes edificados de Catastro	Táboa CONSTRU (<i>Subparcelas urbanas que representan los volúmenes edificados dentro de una parcela</i>), descargada da Sede Electrónica del Catastro (https://www.sedecatastro.gob.es/).
Límite municipal	Instituto Geográfico Nacional (https://www.ign.es/web/ign/portal)

Táboa 20 Variables e fontes para estimación de aptitudes para selección de cultivos (E.P.)

* No caso da orientación os valores resultado do ráster de saída co que se traballou correspóndense co seguinte diagrama⁸:



⁸ <https://grass.osgeo.org/grass78/manuals/r.slope.aspect.html>



Variables seleccionadas e umbrais

As variables indicadas na sección anterior foron as seleccionadas, en diferente combinación tal e como se indica no apartado seguinte, para caracterizar a capacidade de acollida do territorio para as catro producións obxecto de estudo. Ademais establecéronse catro niveis de aptitude para cada un dos sectores asociados ao risco previsto na implantación da produción. Así, para cada produción, unha zona pode ser considerada non apta, de risco alto, medio ou baixo. Un maior risco indica unha probabilidade máis alta de que algunha das variables consideradas para o sector acade nalgún momento un valor crítico que afecte de xeito sensible aos resultados produtivos. Polo tanto, as zonas con risco baixo serían as máis aptas para acoller esa produción.

Nos seguintes apartados a denominación será como zonas tipo A para as de risco baixo, B para as de risco medio e C para as de risco C. As zonas non clasificadas nalguna destas categorías por parte do algoritmo de busca serían non aptas para a produción de que se trate. Debe terse en conta que unha parte das variables que poden ser limitativo para o cultivo e polo tanto facer que unha zona se declare como non apta poden ter unha máis ou menos doada corrección por medios antrópicos non recollidos aquí, ex. a humidade no solo pode controlarse mediante rega e drenaxe. Isto fai que moitas zonas cartografadas como non aptas podan dedicarse ao cultivo logo dunha inversión en corrixilas variables que o limitaban.

Cereal

Para unha localización máis extensa de terras tomouse como especie índice o centeo que ten unha das maiores amplitudes nos requirimentos dos cereais.


Buscáronse idealmente os seguintes requirimentos:

- Solos profundos, de máis de 30 cm e ben drenados
- Solos fértiles e con pH neutro ou algo ácido
- Substratos silíceos
- Texturas francas ou areosas
- Pendentes do terreo onde se poida facer laboreo mecanizable

E elaboración da cartografía e clasificación en distintas clases de aptitude levouse a cabo ca seguinte táboa:

	A	B	C
Pendente (calculados sobre o MDT25 do Instituto Geográfico Nacional)	0-10 %	0-10 %	<=20 %
Mapa_dixital_capacidade_solo Diaz Fierros (auga no solo)	4 ou 5	4-7	4-9
Mapa_dixital_capacidade_solo Diaz Fierros (estrutura)	A	A , B ou C	A, B,C, D ou E
Mapa_dixital_capacidade_solo Diaz Fierros (clima)	M , P, ou T	M, P ou T	M, P ou T

Figura 14. Aptitude para cereal en Limia-Arnoia (E.P.)



O mapa en detalle pode consultarse no visor SIT-Limia-Arnoia (<https://limia-arnoia.laborate.es/visor/>) no grupo de capas "Aptitude" como a capa de nome "Cereal". Os mapas das variables a partir dos que se elaborou, pendente do terreo, calidade da estrutura do solo, da auga e o clima do solo poden visualizarse no mesmo grupo facéndooas activas e variando a súa transparencia de ser necesario.

Patata

Buscáronse idealmente os seguintes requirimentos :

- Solos profundos, de máis de 60 cm e ben drenados.
- Solos fértiles
- Sen pedregosidade nin afloramentos rochosos extensos
- Sen pendentes pronunciadas

A clasificación en distintas clases de aptitude levouse a cabo ca seguinte táboa:

	A	B	C
Pendente (calculados sobre o MDT25 do Instituto Geográfico Nacional)	0-10 %	0-10 %	<=20 %
Mapa_dixital_capacidade_solo Diaz Fierros (auga no solo)	4 ou 5	4-7	4-7
Mapa_dixital_capacidade_solo Diaz Fierros (estrutura)	A	A ou B	A, B,C ou D
Mapa_dixital_capacidade_solo Diaz Fierros (clima)	P	P	P




Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural





Figura 15. Aptitude para pataca (E.P.)



O mapa en detalle pode consultarse no visor [SIT-Limia-Arnoia](#) no grupo de capas "Aptitude" como a capa de nome "Pataca". Os mapas das variables a partir dos que se elaborou, pendente do terreo, calidade da estrutura do solo, da auga e o clima do solo poden visualizarse no mesmo grupo facéndooas activas e variando a súa transparencia de ser necesario.

Froiteiras

Para unha localización máis extensa de terras tomouse como especie índice a maceira que ten unha das maiores amplitudes nos requirimentos das froiteiras tradicionais.

Buscáronse idealmente os seguintes requirimentos :


- Solos profundos, de máis de 60 cm e ben drenados.
- Solos fértiles e con pH neutro ou algo ácido
- Substratos silíceos
- Ausencia de xeadas tardías
- Texturas francas ou areosas
- Altitudes menores de 800 metros e sen pendentes pronunciadas

A clasificación en distintas clases de aptitude levouse a cabo ca seguinte táboa:

	A	B	C
Pendente (calculados sobre o MDT25 do Instituto Geográfico Nacional)	0-10 %	<=20 %	20 – 30 %
Mapa_dixital_capacidade_solo Diaz Fierros (auga no solo)	4-5	4-7	4-7
Mapa_dixital_capacidade_solo Diaz Fierros (estrutura solo)	A	A ou B	A, B,C ou D
Mapa_dixital_capacidade_solo Diaz Fierros (clima)	M ou P	M ou P	M ou P
pH solos	6- 7	5-6	5-6



Figura 16. Aptitude para froiteiras (E.P.)



O mapa en detalle pode consultarse no visor SIT-Limia-Arnoia (<https://limia-arnoia.laborate.es/visor/>) no grupo de capas "Aptitude" como a capa de nome "Froiteiras". Os mapas das variables a partir dos que se elaborou, pendente do terreo, calidade da estrutura do solo, da auga e o clima do solo, e pH do solo poden visualizarse no mesmo grupo facéndolas activas e variando a súa transparencia de ser necesario.

Horta

Á hora de localizar as terras axeitadas para esta produción e definir o nivel de risco asociado, o algoritmo de busca contempla as seguintes variables e umbrais para cada un dos niveis:


	A	B	C
Pendente (calculados sobre o MDT25 do Instituto Geográfico Nacional)	0-10 %	≤ 20 %	20 – 30 %
Mapa_dixital_capacidade_solo Díaz Fierros	A para solo	A ou B para solo	C e D para solo
pH solos	5 - 7	5-7	Resto
nº días consecutivos no ano con SCHS húmida e T^a solo $> 8^{\circ}C$	> 180	120-180	< 120
Días acumulados SCHS seca a T^a solo $> 5^{\circ}C$	< 40	< 60	> 60

Deste conxunto de variables (idóneas para o cultivo de por exemplo xudía, pemento, e tomate) débéronse omitir na zona as referentes ao sección de control da humidade do solo pois aplicándoas non aparece ningunha zona apta (as escalas xerais de traballo da cartografía



empregada). O que parece indicar que para o cultivo da horta no GDR a dispoñibilidade de rego sería un limitante maior, que ca cartografía dispoñible non se pode abarcar. Polo tanto empregáronse só as tres primeiras variables para obter o mapa que se presenta no seguinte apartado, tendo en conta que moi probablemente a rega necesitará estar asegurada incluso nas zonas con mellor aptitude.

Figura 17. Aptitude para horta (E.P.)



O mapa en detalle pode consultarse no visor [SIT-Limia-Arnoia](#) no grupo de capas "Aptitude" como a capa de nome "Horta". Os mapas das variables a partir dos que se elaborou, pendente do terreo, calidade do solo e pH do solo pode visualizarse no mesmo grupo facéndooas activas e variando a súa transparencia de ser necesario.

Superficies aptas para os cultivos potenciais de expansión

No conxunto do GDR a análise deu como resultado a cuantificación das superficies por clases de aptitude e aproveitamento potencial que se indican na Táboa 21.

Cultivo	% (sobre GDR)	Superficie (ha)	Aptitude
Froiteiras	0,2%	342	1
	17,3%	32.387	2
	19,3%	36.177	3
	63,2%	118.589	Non apto
Cereal	3,3%	6.282	1



Cultivo	% (sobre GDR)	Superficie (ha)	Aptitude
Horta	23,5%	44.649	2
	29,1%	55.410	3
	44,1%	83.749	Non apto
	14,5%	27.190	1
	8,7%	16.233	2
	0,8%	1.490	3
	76,0%	142.500	Non apto
Pataca	3%	5.249	1
	14%	26.195	2
	18%	33.634	3
	66%	125.011	Non apto

Táboa 21. Superficies potenciais para aproveitamentos de froiteiras, cereal, horta e pataca, por clases (E.P.)

E.2.3 Identificación de zonas incluídas en selos ou esquemas de certificación da calidade agroalimentaria (D.O, IXP) e/ou forestal

No territorio do GDR contase con varios selos de calidade. Algúns cobren a totalidade da área, e outras só unha parte do territorio. Faise un resumo na seguinte táboa.

DO / IXP	Nome	Superficie que ocupa (ha)
IXP	Castaña de Galicia	Todo o concello
	Mel de Galicia	Todo o concello
	Tarta de Santiago	Todo o concello
	Grelos de Galicia	Todo o concello
	Pan Galego	Todo o concello
	Augardente de Galicia	Todo o concello
	Licor café	Todo o concello
	Licor de Herbas de Galicia	Todo o concello
	Vaca galega	Todo o concello
	Ternera Gallega	Todo o concello
	Lacón Gallego	Todo o concello
	Pataca de Galicia	76.543 ha
	Viño da Terra – Val do Miño	303 ha
	Boi galego	Todo o concello
	Queixo de Tetiña	Todo o concello
DO		

Táboa 22. DO e IXP no territorio do GDR

A IXP Pataca de Galicia distribúese ó longo de 11 concellos da comarca de A Limia: Baltar, Os Blancos, Calvos, Forxa, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmirás, Vilar de Barrio, Vilar de



Santos e Xinzo de Limia. Se analizamos a superficie de [terra infrautilizada](#) que se atopa no ámbito territorial que ocupa a IXP Pataca atopamos que un 27 % de terra infrautilizada, aínda que só un 0,86 % se sitúa en zonas de clase 2 (A2 para millo e A1 para prado) e un 8% en clase 3 (A3 para millo e A1 ou A2 para prado).


DO / IXP	Nome	Superficie que ocupa (ha)	Superficie terra infrautilizada (ha)	% de terra infrautilizada
IXP	Pataca de Galicia	76.543 ha	Clase 2: 659,36	0,86
			Clase 3: 6.259,81	8,17
			Clase 4: 8.263,08	10,80
			Clase 5: 6.032,90	7,88
	Viño da Terra – Val do Miño	303 ha	Clase 3: 18,85	6,22
			Clase 4:	5,40
			16,35Clase 5: 0,33	0,11

Táboa 23. Terra infrautilizada dentro das IXP que non ocupan todo o territorio do GDR

A IXP Viño da Terra – Val do Miño, só se atopa na parte occidental de Quintela de Leirado, se analizamos a superficie de [terra infrautilizada](#) que se atopa no ámbito territorial que ocupa a IXP esta ronda o 12%.



Figura 18 Localización da IXP Pataca de Galicia ámbito do GDR, e distribución de Terra infrautilizada



E.2.4 Caracterización do abandono das terras agrarias


Co obxectivo de localizar as zonas de maior aptitude agraria infrautilizadas, analizáronse as fontes de información SIXPAC 2022, SIOSE 2017 e SIXPAC 2023, xunto coa clasificación proposta no Mapa de capacidade produtiva de Díaz-Fierros.

Distribución de usos SIXPAC 2022 nas zonas de maior aptitude agraria

Tomando como referencia a distribución de usos SIXPAC para o ano 2022 das áreas clasificadas con aptitude A para millo (A1, A2 ou A3 segundo Mapa de capacidade produtiva de Díaz-Fierros), o 34% estaría dedicado a terra arable, os pasteiros (arborado, arbustivo e pasto) acadarían o 37% da superficie e o forestal un 16%. É dicir, algo máis dun terzo das terras de maior aptitude do territorio, que tan só ocupan un 29% da extensión do GDR, terían, segundo estas estimacións, certo grao de infrautilización ou abandono.



Figura 19. Ocupación do solo nas terras de aptitude A para millo (E.P a partir de SIGPAC 2022 e Díaz-Fierros 1984)



Con todo, a maior parte das terras máis aptas son terras de labradío ou de pastos, sumando ámbolos dous usos unhas 27.000 hectáreas nas superficies de maior capacidade produtiva.

En concreto, unhas 13.000 hectáreas de superficie con aptitude A para millo estaría ocupada na actualidade por mato, ou mato con arborado, no conxunto do territorio. Cabe destacar tamén as case 9.000 hectáreas que terían unha cobertura arbórea (**iError! No se encuentra el origen de la referencia.**).

Análise das zonas infrautilizadas segundo o SIOSE 2017No SIT Limia-Arnoia (SILTIA) pode visualizarse a capa de infrautilización da terra de aptitude agraria, na que se clasificou o territorio en cinco categorías (1 a 5) a partir do Mapa de Capacidade Productiva de Galicia (Díaz-Fierros e Sotres, 1984) e o SIOSE 2017 (IGN 2022). Do SIOSE 2017 seleccionáronse os valores que se consideraron asimilables a mato, e que se corresponden no campo *Id_cobertura maxima* cos valores 300 ,301 ,302 e 32 e realizouse unha intersección co mapa dixitalizado da capacidade produtiva dos solos de Galicia, desbotando aquelas xeometrías que non se solapan con aptitudes A1, A2 ou A3 para millo ou prado, e reclasificando segundo os seguintes criterios:

Valor 1: A1 millo e A1 prado (non presente no GDR Limia Arnoia)

Valor 2: A2 millo e A1 prado


Valor 3: A3 millo e A1 ou A2 prado

Valor 4: sen aptitude para millo e A1 ou A2 para prado

Valor 5: A3 prado



Figura 20. Localización de terras infrautilizadas no territorio de Limia-Arnoia. SIT Limia-Arnoia (E.P. a partir de SIOSE 2017 e Díaz-Fierros 1984)



Nas Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, obteríamos os seguintes valores de terra con aptitude agraria infrautilizada:

Valor 2: 393 ha

Valor 3: 588 ha

Valor 4: 1.491 ha

Valor 5: 3.137 ha

No caso dos Montes Veciñais en Man común, os resultado serían:

Valor 2: 238 ha

Valor 3: 1.140 ha

Valor 4: 4.360 ha

Valor 5: 9.424 ha

De acordo ós datos anteriores, os MVMC contan con superficie con potencial para a súamobilización e/ou dinamización, cuestión que será desenvolva en apartados posteriores desta memoria.

Pódense visualizar os mapas no visor do [SITLA](#) activando as capas "terra infrautilizada" (grupo Aptitude e abandono) e MVMC (no grupo de capas Estrutura da propiedade) ou Rede Natura (no grupo de capas Medio ambiente).


Análise das zonas infrautilizadas segundo o SIXPAC 2023

Do mesmo xeito que no apartado anterior, explórase a fonte de información SIXPAC 2023 co fin de observar o valores de aptitude agraria nas zonas infrautilizadas, clasificándoos seguindo



o mesmo proceso mediante o Mapa de Capacidade Productiva de Galicia (Díaz-Fierros e Sotres, 1984). Os resultados móstranse no seguinte mapa:

Figura 21. Localización de terras infrautilizadas no territorio de Limia-Arnoia (E.P. a partir de SIXPAC 2023 e Díaz-Fierros 1984)



Os resultados amosan os valores (asimilables ás Clases da lenda) seguintes:

Valor 2: 840 ha

Valor 3: 12.225 ha

Valor 4: 18.793 ha

Valor 5: 22.536 ha

Comparando as dúas fontes de información (SIOSE 2017 e SIXPAC 2023), obsérvase que para a aptitude A millo, correspondentes ós valores (ou clases) 2 e 3, a terra infrautilizada ocupa superficies semellantes, estando en torno ás 13.000 ha.

E.2.4 Tendencias na xestión territorial por parte das explotacións agrogandeiras

Tal e como se adiantou na Táboa 13, a realidade demográfica das explotacións agrarias do territorio amosa un forte envellecemento e, tamén, diferencias territoriais marcadas. No seu conxunto, identifícanse un elevado número de explotacións con persoas xefas de explotación maiores de 60 anos o que amosa un elevado grao de incerteza en canto á evolución futura das superficies que xestionan, por unha banda, e do volume produtivo, por outra. Afondando un pouco máis na información da Táboa 9 xa presentada no apartado [E.1.2 Xestión agrogandeira e forestal do territorio](#), obsérvase como efectivamente unha parte importante da capacidade agraria de Limia-Arnoia estaría afectada por esa incerteza (Táboa 24).



OTE	Nº	Superficie total (ha)	PET Total (mil€)	Gando. Totais (UGM)	SAU en prop. Total (ha)	Terras arables. Totais (ha)	Pastos. Totais (ha)
Agricultura xeral	569	5.312	8.569	48	2.442	3.963	1.016
Horticultura	71	333	1.225	29	160	217	68
Cultivos leñoso	106	242	539	1	139	23	25
Herbívoros	222	3.486	5.536	3.860	878	1.012	2.331
Granívoros	100	1.093	71.499	56.178	233	549	325
Policultivos	97	687	670	47	312	295	271
Gandería mixta	8	261	1.834	1.204	31	119	139
Cultivos e gandería	71	818	1.312	461	236	453	315
TOTAL	1.244	12.233	91.185	61.829	4.430	6.632	4.490

Táboa 24. Explotacións con XdE maiores de 60 anos. Principais variables (E.P. a partir microdatos Censo Agrario 2020).

Nas OTE de Agricultura Xeral e Herbívoros preto de 9.000 ha de superficie poderían quedar liberadas no curto prazo, unhas 5.000 ha de terras arables e case 2.500 ha de pastos. Cabe destacar, que boa parte das mesmas están na actualidade en arrendamento (arredor dun 60%), polo que de pecharse as explotacións entrarían, previsiblemente, no mercado de terras de novo. Ademais, unhas 4.400 ha de SAU, propiedade das explotacións en risco, poderían quedar tamén sen xestión activa e polo tanto ser obxectivo prioritario para as accións de mobilización de terras agraria, en prevención do seu abandono ou eventual cambio de uso. Na Táboa 25 amósase a distribución municipal dese conxunto de explotacións. Así, o municipio con máis superficie afectada sería Xinzo de Limia. O seu dinamismo actual non escapa, polo tanto, da incerteza demográfica e máis de 2.300 hectáreas enfrontan o reto do relevo xeracional nos vindeiros cinco anos. Os outros municipios máis agrarios suman unha extensión doutras 3.800 ha (Xunqueira de Ambía, Tramiras, Sandiás, Sarreaus e Maceda).

	Nº	Sup. total (ha)	PET Total (mil €)	Gando. Totais (UGM)	SAU en prop. Total (ha)	Terras arables. Totais (ha)	Pastos. Totais (ha)	XdE > 60 anos e Carga > 5 UGM/ha		
								N	UGM	SAU (ha)
Allariz	59	541	1.601	601	230	124	333	4	172	0
Baltar	54	583	2.818	1810	266	211	305	6	1667	34
Bande	37	210	529	153	127	40	131	2	105	1
Baños de Molgas	30	254	184	74	101	50	173	1	12	1
Os Blancos	43	324	1.447	1166	129	184	101	2	1120	26



A Bola	18	49	241	39	22	14	15			
Calvos de Randín	43	606	880	599	159	184	386	1	271	0
Celanova	76	388	3.494	1500	176	49	247	9	1298	11
Entrimo	24	149	172	73	60	13	95			
Xinzo de Limia	196	2836	17.462	10328	1012	2451	327	16	9261	508
Xunqueira de Ambía	63	690	2.336	1196	249	498	173	3	878	27
Lobeira	22	226	2.223	1690	82	13	117	8	1667	77
Lobios	51	259	2.061	1308	104	41	143	8	1180	12
Maceda	56	859	25.643	24664	199	99	683	9	24253	200
Muíños	31	205	183	42	95	35	104			
Porqueira	49	371	667	229	176	291	73	1	169	1
Quintela de Leirado	14	166	204	192	27	2	144			
Rairiz de Veiga	46	305	5.318	2833	144	121	139	6	2782	21
Sandiás	56	674	3.689	1738	206	607	48	5	1580	29
Sarreaus	84	910	8.089	5867	310	585	276	11	5543	69
Taboadela	25	66	1.176	945	52	9	39	2	896	1
Trasmiras	64	663	3.144	1324	228	539	98	3	1168	12
Verea	27	253	1.905	864	56	41	163	2	742	0
Vilar de Barrio	46	417	3.206	1271	123	254	137	4	1148	0
Vilar de Santos	40	272	2.510	1323	139	212	50	3	1313	8
GDR-Mulleres	683	6097	44.505	32725	2411	3381	2172	33	31010	209
GDR-Homes	571	6181	46.680	29104	2060	3287	2326	73	26215	827
GDR-Todas	1254	12277	91.185	61829	4471	6668	4499	106	57225	1036

Táboa 25. Explotacións con XdE maior de 60 anos. Distribución municipal e estrutura (E.P. a partir microdatos Censo Agrario 2020)

Por outra banda, unha parte da cabana gandeira podería verse afectada. O groso neste caso concéntrase nas OTEs de granívoros. O 90% das UGM en explotacións con xefaturas de máis de 60 anos concéntrase nesa orientación produtiva e á súa vez representan algo máis dun terzo da cabana gandeira desa OTE. Neste caso, pódese facer unha dobre valoración do posible escenario de cese de actividade.

Dunha banda, a xa comentada posible perda de capacidade produtiva, que tería neste caso un impacto fundamentalmente económico e non tanto na xestión directa da SAU. Por outro lado, dunha posible oportunidade para reconducir a forte intensificación gandeira dalgúns municipios, explorando as opcións que vencellasen relevo xeracional potencial con cambio de orientación produtiva. Así, algo máis de 100 ganderías que superan na actualidade as 5 UGM/ha de SAU de carga gandeira estarían nesa situación, algo a ter en conta especialmente naqueles municipios con maior carga gandeira actual como Maceda e Sarreaus.

E.2.5 Incidencia dos lumes forestais


Segundo os datos proporcionados no plan básico autonómico para o período 2010-2020, no GDR producíronse máis de 2.800 incendios, dos cales 673 foron no ano 2011. A superficie total calcinada no período supera as 40.000 ha, sendo os anos 2011 e 2017 ós que peores datos rexistran.



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural




Figura 222. Distribución dos incendios forestais no período 2010-2020



Fonte: (E.P a partir do Plan básico autonómico.)




Figura 233. Superficie queimada e número de incendios rexistrados no período 2010-2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Plan básico autonómico.

Figura 244. Superficie queimada por concellos no período 2010-2020




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Plan básico autonómico.



Unha parte importante destes incendios rexistráronse nos Montes Veciñais do GDR, como se pode apreciar na seguinte imaxe.

Figura 255. Incidencia dos incendios rexistrados no período 2010-2020 nos MVMC




Fonte: Plan básico autonómico.

Tal e como cabería esperar houbo unha menor incidencia dos incendios forestais nas zonas de maior actividade agraria.



Figura 266. Incidencia dos incendios rexistrados no período 2010-2020 e aptitude do solo para millo




Fonte: E.P a partir de Plan básico autonómico, Díaz Fierros et al., Corbelle et al.

A incidencia dos incendios forestais tamén resulta maior nas zonas clasificadas como mato no SIOSE 2014, tal e como cabería agardar, por outra banda.



Figura 277. Usos do solo no SIOSE 2014 Simplificado das zonas afectadas polos incendios rexistrados 2010-2020




Uso SIOSE simplificado 2014 area incendiada	Superficie (ha)
Urbano, artificial o asimilable	76,93
Bosque mixto	750,78
Bosque de coníferas	2.124,05
Agrícola o asimilable	3.135,50
Bosque de frondosas	3.362,09
Outros	5.069,30
Mato	13.592,33

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do SIOSE 2014 e do Plan Básico Autonómico

Os espazos da Rede Natura 2000 tamén se viron afectados polos incendios forestais, principalmente os que limitan con Portugal.



Figura 288. Incidencia dos incendios rexistrados no período 2010-2020 sobre espazos da Rede Natura 2000



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Plan básico autonómico

E.3 Identificación, localización e caracterización das actividades de transformación e comercialización de producións agroforestais.

Inventaríanse neste apartado as principais industrias agroalimentarias no ámbito do GDR, empregando dúas fontes, por un lado as empresas alimentarias inscritas (RGSEAA) por municipio (Aesan - Agencia Española de Seguridad Alimentaria y Nutrición), e polo outro as empresas que elaboran produtos cos distintivos de calidade DOP ou IXP. O total de empresas alimentarias inscritas ascende a 213, e distribúense por concellos como recolle a seguinte táboa.

Concello	Nº Empresas Alimentarias Inscritas (RGSEAA)
Allariz	40
Baltar	3
Baños de Molgas	3
Celanova	25
Entrimo	8
Lobios	6
Maceda	7



Rairíz de Veiga	3
Sandiás	5
Sarreaus	7
Taboadela	8
Trasmiras	7
Verea	2
Vilar de Barrio	2
Vilar de Santos	15
Xinzo de Limia	67
Xunqueira de Ambía	4
Muíños	1
TOTAL GDR 10	213

Táboa 26. Empresas Alimentarias Inscritas (RGSEAA) por municipio [Aesan - Agencia Española de Seguridad Alimentaria y Nutrición](#)

No ámbito do GDR cóntase con 11 empresas que elaboran produtos cos distintivos de calidade DOP ou IXP.


Nome	Concello	DO
Cid Cid, Julia	Allariz	C.R.I.X.P. "Mel de Galicia"
Salgado Justo, Benita	Baltar	C.R.I.X.P. "Mel de Galicia"
Merino Cid, Mari Carmen	Baños de Molgas	C.R.I.X.P. "Mel de Galicia"
Coop. Agraria Serra Do Xurés, S.C.L.	Lobios	C.R.I.X.P. "Mel de Galicia"
Juan Carlos Pereiros Pereiros	Rairiz de Veiga	C.R.I.X.P. "Ternera Gallega"
Patatas Gándara, S.L.	Vilar de Santos	C.R.I.X.P. "Pataca de Galicia"
Almacenes Gamallo, S.A.	Xinzo de Limia	C.R.I.X.P. "Pataca de Galicia"
Droguería Agrícola, S.A.	Xinzo de Limia	C.R.I.X.P. "Pataca de Galicia"
Francisco Paz, S.L.	Xinzo de Limia	C.R.I.X.P. "Pataca de Galicia"
Gallega de Patatas, S.L.	Xinzo de Limia	C.R.I.X.P. "Pataca de Galicia"
Patatas Conde, S.L.	Xinzo de Limia	C.R.I.X.P. "Pataca de Galicia"

Táboa 277. Empresas que elaboran produtos cos distintivos de calidade DOP ou IXP [Directorio de industrias agroalimentarias / Oficina Virtual do Medio Rural \(xunta.gal\)](#)

No apartado "industria" do SIT Limia-Arnoia poden atoparse os mapas correspondentes:



Figura 299. Distribución por concello das empresas que elaboran produtos cos distintivos de calidade DOP ou IXP e empresas alimentarias inscritas.





E.4. Análise da aplicabilidade de instrumentos de recuperación de terras.

Neste apartado faise unha estimación de posibles áreas de intervención por parte dos principais instrumentos de mobilización e recuperación de terras agrarias.

E.4.1 Caracterización das estruturas de propiedade

O territorio do GDR Limia-Arnoia presenta unha elevada fragmentación da propiedade rústica, en liña co contexto xeral da provincia de Ourense e de Galicia. Porén, os principais indicadores amosan valores máis acusados: nos 25 municipios do GDR súmanse case 1 millón de parcelas rústicas e arredor de 117.000 titulares catastrais. En tódolos municipios o número de titulares supera o de habitantes, e no caso de Calvos de Randín e Entrimo mesmo o duplica. O tamaño medio de parcela catastral é de apenas 0,2 ha, tendo en conta que nesta media se contabilizan tamén os MVMC, que como veremos a continuación teñen unha dimensión media moi superior. O número de parcelas por titular é de aproximadamente cinco para o conxunto do GDR.

Concello	Nº de parcelas rústica (2022)	Sup (ha)	Nº propietarios Rústica	Nº propietarios Rústica/habitante (nomenclátor 2021)	Nº de parcelas por propietario de rústica	Tamaño medio parcela (ha)
Allariz	63.255	7.723,14	8.201	1,56	7,71	0,12
Baltar	25.682	9.381,25	3.074	1,62	8,35	0,37
Bande	57.219	9.827,74	4.943	1,76	11,58	0,17
Baños de Molgas	47.060	6.662,92	6.049	1,97	7,78	0,14
Os Blancos	27.540	4.714,98	3.336	1,79	8,26	0,17
A Bola	43.665	3.435,28	4.900	1,49	8,91	0,08
Calvos de Randín	54.025	9.758,31	4.208	2,72	12,84	0,18
Celanova	41.764	6.555,86	9.651	1,10	4,33	0,16
Entrimo	24.370	8.195,47	2.843	2,01	8,57	0,34
Xinzo de Limia	39.354	12.420,39	9.809	1,23	4,01	0,32
Xunqueira de Ambía	22.262	6.038,67	4.613	1,77	4,83	0,27
Lobeira	26.412	6.841,97	3.098	1,63	8,53	0,26
Lobios	41.264	16.762,48	3.633	1,39	11,36	0,41
Maceda	37.266	10.136,68	5.746	1,42	6,49	0,27
Muíños	57.338	10.853,44	4.149	1,33	13,82	0,19
Porqueira	20.768	4.269,90	3.279	1,55	6,33	0,21
Quintela de Leirado	29.120	3.124,40	2.625	1,56	11,09	0,11
Rairiz de Veiga	64.902	7.137,64	5.586	1,42	11,62	0,11
Sandiás	17.616	5.023,72	3.246	1,75	5,43	0,29
Sarreaus	30.550	7.590,79	4.643	1,57	6,58	0,25
Taboadela	25.462	2.463,99	3.942	1,28	6,46	0,10
Trasmiras	20.556	5.643,14	4.655	1,51	4,42	0,27
Verea	66.589	9.391,31	4.725	1,68	14,09	0,14
Vilar de Barrio	30.484	10.583,99	4.693	1,62	6,50	0,35



Concello	Nº de parcelas rústica (2022)	Sup (ha)	Nº propietarios Rústica	Nº propietarios Rústica/habitante (nomenclátor 2021)	Nº de parcelas por propietario de rústica	Tamaño medio parcela (ha)
Vilar de Santos	9.538	1.815,43	1.764	1,79	5,41	0,19

Táboa 28 Caracterización da estrutura parcelaria por concello segundo [catastro](#)


No GDR os MVMC ocupan entono a un 36% da superficie total, distribuídas en 324 MVMC. A proporción de extensión municipal ocupada por MVMC é variable e vai dende un 76% en Lobios a un 0% en Taboadela (estimación a partir dos datos do [Plan Básico Autonómico](#)).

Concello	Nº MVMC	% MVMC sobre municipio	Tamaño medio parcela en MVMC
Allariz	4	6,30	135,26
Baltar	15	48,91	306,34
Bande	29	58,59	199,83
Baños de Molgas	12	9,92	55,88
Os Blancos	7	10,09	68,53
A Bola	2	3,87	67,55
Calvos de Randín	20	55,34	270,68
Celanova	6	9,24	103,55
Entrimo	4	43,55	613,15
Xinzo de Limia	14	3,88	34,34
Xunqueira de Ambía	22	14,25	35,74
Lobeira	26	67,20	177,94
Lobios	15	75,93	851,87
Maceda	26	43,85	159,54
Muíños	26	53,79	218,15
Porqueira	9	13,56	62,34
Quintela de Leirado	11	50,40	143,14
Rairiz de Veiga	8	18,02	118,09
Sandiás	4	5,61	74,05
Sarreaus	16	27,17	131,18
Taboadela	0	0	0
Trasmiras	2	3,87	109,80
Verea	27	48,69	143,30
Vilar de Barrio	15	66,89	475,83
Vilar de Santos	4	3,35	13,85

Táboa 29. Caracterización da estrutura parcelaria por concello (SIXPAC 2021, Plan Básico Autonómico)



Figura 30. Distribución do tamaño medio de parcela catastral rústica e nº de parcelas por propietario



E.4.2 Instrumentos de recuperación e de re-organización executados ou en curso

Actualmente o ámbito do GDR están a desenvolverse un total de oito actuacións públicas de recuperación de terras, catro aldeas modelos e catro polígonos agroforestais, cun total de 4.258 ha afectadas, 9.739 parcelas e 3.827 propietarios. Na seguinte táboa recollese un resumo das actuacións.

Instrumento	Concello	Nome	Estado	Area	Nº parcelas	Nº propietarios
Aldea modelo	Quintela de Leirado	Xacebáns	Aprobada	37	606	127
Aldea modelo	Porqueira	Lobios	Recollida de sinaturas	36	1.139	111
Aldea modelo	Taboadela	Covelo	Aprobada	17	223	109
Aldea modelo	Bande	O Pazo	Recollida de sinaturas	63	803	138
Polígono agroforestal	Allariz	Alta Limia	Acordo actuación previas	957	1.359	701
Polígono agroforestal	Xinzo de Limia	Corno do Monte	Acordo actuación previas	1199	2.444	1.108
Polígono agroforestal	Xinzo de Limia	Lamas Ganade	Acordo actuación previas	1373	1.909	982
Polígono agroforestal	Porqueira	San Salvador de Sabucedo	Acordo actuación previas	576	1.256	551



Táboa 30 Instrumentos de recuperación de terras [Recuperación de terras / AGADER \(xunta.gal\)](#)

Tamén aparecen 12 procesos de Concentración / reestruturación parcelaria en tramitación (ver Táboa 31), sumando unhas 8.000 ha, e 5 solicitudes enviadas a Consellería de Medio Rural (3 en Trasmiras, 1 en Rairiz de Veiga e 1 en Baños de Molgas).

ZONA	CONCELLO	Superficie	Propietarios	Parcelas	Finca
Castelaus	Calvos de Randín	661 ha	422	10871	0
Rubiás dos Mixtos	Calvos de Randín	516 ha	310	5108	0
Feás	Calvos de Randín	500 ha	0	0	0
Randín II	Calvos de Randín	500 ha	0	0	0
Congostro	Rairiz de Veiga	310 ha	439	4752	0
Guillamil - Sabariz	Vilar de Santos	1367 ha	1077	19703	0
Acevedo - Milmanda	Celanova	1143 ha	866	13759	2937
Faramontaos - Proente	Merca, A	742 ha	930	8479	2214
Porqueira II	Porqueira	712 ha	796	9045	2053
Santiago de Vereá	Vereá	845 ha	607	9634	1511
San Pedro de Maus	Vilar de Barrio	257 ha	376	4766	939
